



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 839/1102

### ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XUÑO DE 2020.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 18 de xuño de 2020.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Reanudación da execución do contrato de servizos de Dinamización Infantil. Expte. 6465/241.
- 3.- Adxudicación da contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero. Expte. 9846/224.
- 4.- Desestimación da solicitude de declaración de imposibilidade de execución do contrato da instalación, conservación e explotación publicitaria en solo publico do termino municipal de Vigo de marquesinas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese e uso público. Expte. 6449/241.
- 5.- Recoñecemento de abono a conta da indemnización pola suspensión dos contratos para a xestión das Escolas infantís municipais Santa Marta-Casco Vello, Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Navia. Expte. 6456/241.

#### EMPREGO

- 6.- Constitución das Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo Emprega" 1ª quenda 2020. Expte. 17315/77.
- 7.- Interposición de Recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento TR332A). Expte. 17108/77.
- 8.- Aceptación da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social. TR 351F 2020/48-5. Expte. 17078/77.

### INTERVENCIÓN XERAL

- 9.- Proposta de aprobación das contas xustificativas dos libramentos de fondos a xustificar ano 2020 (1). Expte. 102773/140.

### PATRIMONIO

- 10.- Autorización á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de adecuación do edificio nº 18 da Rúa Alta. Expte. 20556/240.

### RECURSOS HUMANOS

- 11.- Retribucións bombeiros e condutores bombeiros en prácticas OEP 14-15-16. Expte. 34286/220.
- 12.- Proposta estimatoria de solicitude de retribucións de funcionarios en prácticas da Policía Local. Expte. 35699/220.
- 13.- Modificacións puntuais RPT- Fondo Adequación 2019. Expte. 33981/220

### SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

- 14.- Solicitude subvención á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia. Expte. 832/1102.

### SERVIZO DO ÁREA DE CULTURA

- 15.- Subvención nominativa, mediante convenio coa Federación de Bandas de Música Populares de Vigo, para o desenvolvemento dos programas “Vigo, un Mar de Bandas” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2020. Expte. 3331/330.

### ASUNTOS URXENTES

- 16.- Informe sobre o recurso especial en materia de contratación interposto contra o anuncio de licitación e prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición de zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 12853/446.
- 17.- Expediente de contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI). Expte. 10126/224.
- 18.- Rogos e preguntas.



**Concello de Vigo**

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 839/1102

## **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno o día **26 de xuño de 2020, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez